



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

EXPEDIENTE 725/2025.-

RESOLUCIÓN COMPLEMENTARIA DE CAMBIO DE DATA DE SESIÓN CONSTITUTIVA DO TRIBUNAL CORRESPONDENTE AO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN Á PRAZA DE FUNCIONARIO DE CARREIRA DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A DO CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN, DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, GRUPO A, SUBGRUPO A-2

Por Decreto nº 2025-0560 de data 16/07/2025 aprobáronse as BASES REGULADORAS PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN Á PRAZA DE FUNCIONARIO DE CARREIRA DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A DO CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN, DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, GRUPO A, SUBGRUPO A-2, outorgando un prazo de 20 días naturais para presentar as solicitudes de participación por parte das persoas interesadas, que se contarán dende o día seguinte ó da publicación da convocatoria no Boletín Oficial do Estado(BOE nº 218, mércores 10 de setembro de 2025).

Por Decreto nº2026-0096 de data 04/02/2026 aprobouse a lista definitiva de admitidos e excluídos, designación de membros do tribunal, e convocatoria de tribunal e aspirantes, no proceso selectivo para o acceso mediante concurso-oposición á praza de funcionario de carreira de arquitecto/a técnico/a do concello de Pazos de Borbén, da escala de administración especial, grupo a, subgrupo A-2.

Considerando que resulta necesario a modificación da data de convocatoria da sesión constitutiva do tribunal, ós efectos de determinación do contido da primeira proba e por entenderse insuficiente o prazo de media hora para a axeitada formulación da mesma; pero manténdose a convocatoria do primeiro exercicio para o mércores 11.03.2026 nos termos da resolución de Alcaldía n.º 96 de 04/02/2026.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Convocar sesión constitutiva do tribunal de selección correspondente ao PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN Á PRAZA DE FUNCIONARIO DE CARREIRA DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A DO CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN, DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, GRUPO A, SUBGRUPO A-2, para o 4 de marzo de 2026, as 10:00h coa finalidade de permitir a adecuada organización das tarefas necesarias para a elaboración e desenvolvemento da primeira proba.

SEGUNDO.- Manter no restante a resolución nº2026-0096 de data 04/02/2026, pola que se resolve, entre outros aspectos: “... convocar ás persoas aspirantes admitidas para a realización do primeiro exercicio do proceso de selección (cuestionario tipo test) o mesmo día mércores 11.03.2026 e no mesmo lugar ás 11:00 horas.

- Convocar ó tribunal para o mércores 08.04.2026 ás 09:00 horas, no salón de actos do





CONCELLO DE PAZOS DE BORBEN
(PONTEVEDRA)

concello de Pazos de Borbén, situado no lugar de Pazos nº52; e convocar ás persoas aspirantes admitidas para a realización do segundo exercicio do proceso de selección (de carácter práctico) o mesmo día mércores 08.04.2026 e no mesmo lugar ás 09:30 horas.

Os aspirantes deberán presentarse co DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade de conformidade co sinalado no artigo 8 das bases. ...”

TERCEIRO.- Publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello <https://pazosdeborben.sedelectronica.gal> e na páxina web www.pazosdeborben.gal, para público coñecemento.

CUARTO.- Notificar ao tribunal.

Contra o presente acto, que é definitivo en vía administrativa, poderá interpoñer os seguintes recursos:

- *Recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que dictou o acto no prazo de UN MES dende o día seguinte ó do recibo desta notificación e non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente este recurso de reposición ou se producira a súa desestimación presunta, por transcorrer UN MES sen ditalar e noticala resolución do recurso.*
- *Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo (ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, segundo o obxectos dos actos), no prazo de DOUS MESES dende o día seguinte ó do recibo desta notificación, ou da notificación do recurso de reposición, se foxe expresa. Se non fose, o prazo será de SEIS MESES, dende o día seguinte ó do que se produza a desestimación presunta.*
- *Calquera outro recurso que se estime oportuno.*

En Pazos de Borbén, mándao e asínao o Sr. Alcalde.

O DECRETOU O SR. ALCALDE – PRESIDENTE O DÍA DA DATA DA SÚA SINATURA ELECTRÓNICA, DO QUE EU, SECRETARIA – INTERVENTORA DESTE CONCELLO, DOU FE, MEDIANTE SINATURA DIXITAL AO MARXE.

